

CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 29 DE ABRIL DE 2021

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

D. José Vázquez Rama (PP)

D^a María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

D^a Caridad González Cerviño (PSOE)

D^a María del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D^a Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

D^a María Xosé Alfonso Torres (CxG)

D. José Antonio Uhía Martínez (CxG)

D^a María Lago Lestón (BNG)

D^a Paula Simal Mayo (BNG)

Non asiste pero xustifica a súa ausencia o concelleiro D. José Manuel Quintela Fernández (CxG).


SECRETARIA XERAL

D^a María Ofir Aboy García

No salón de sesións da antiga conserveira de Sel, sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen-se en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, a secretaria xeral do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a Sra. alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Intervén a señora alcaldesa dona María Inés Monteagudo Romero que dá as boas tardes a todas as persoas presentes e felicita pola súa paternidade ao concelleiro da corporación, D. José Manuel Quintela Fernández, do grupo municipal CXG.

A Parte dispositiva

Primeiro. Aprobación da acta núm. 5 da sesión do pleno da corporación do 25 de marzo de 2021

A señora alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero, pregunta aos membros da corporación se teñen algunha observación que dicir ao respecto da acta núm. 5 da sesión do Pleno da corporación do 25 de marzo de 2021 que se presentan para que o Pleno a aprobe. Non habendo ningunha observación, apróbase a acta núm.5 de sesión do Pleno ordinario do 25 de marzo de 2021 por unanimidade dos membros presentes da corporación.

A) Mocións de urxencia

O grupo municipal do BNG presenta unha moción e xustifica a súa urxencia. A Sra. Lago indica que é unha moción sobre a Mancomunidade de concellos da Serra do Barbanza da necesidade de darlle pulo e pelexar por ela, di que a moción a presentaron en tempo pero houbo un erro por iso a teñen que presentar por urxencia.

Sometida a urxencia da moción, esta é aprobada por unanimidade dos membros presentes da corporación.


A moción de urxencia que se trae ao pleno da corporación é do seguinte teor literal:

“Moción do grupo municipal do BNG relativa á Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza

Exposición de motivos:

No ano 1997 apróbanse os estatutos da Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza, da cal o noso concello forma parte, que ten como fin a prestación dos servizos públicos de recollida e tratamento de residuos. Esta entidade emprega, de xeito directo no complexo medioambiental da Mancomunidade, a máis de 160 persoas da contorna e realiza o tratamento de residuos sólidos urbanos de xeito sostible, atendendo aos principios de reciclaxe e proximidade.

Dende a sinatura dun contrato coa empresa adjudicataria no ano 2001, a Mancomunidade presta os servizos para os que foi creada de xeito indirecto a través da contratación por obra e concesión administrativa con dita empresa, que xestiona a recollida e o tratamento de residuos no Complexo Medioambiental, sito no concello de Lousame. Dito contrato finaliza en setembro do ano 2023, polo que compre analizar canto antes a situación actual da mancomunidade para poder deseñar un plan de acción que teña en conta as directrices da Comisión Europea en canto a tratamento de residuos e os obxectivos de reciclaxe, re-utilización e redución fixados por Bruxelas para



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

o ano 2030, que establecen unha taxa de reciclaxe e recuperación, incluíndo a compostaxe, superior ao 60%.

Os obxectivos marcados pola Unión Europea para 2020 situaban no 50% a taxa de reciclaxe e compostaxe de residuos sólidos urbanos no ámbito municipal, mais a taxa en Galiza sitúase por debaixo do 20%, moi lonxe de cumprir coas indicacións marcadas dende Bruxelas. Fronte a esta situación, é indispensable fortalecer a Mancomunidade Serra do Barbanza e dotala dos medios precisos para permitir que poida seguir desenrolado a súa función, así como mellorar as taxas que se acadan, fronte a outros modelos que incumpren reiteradamente as recomendacións feitas pola Comisión Europea neste senso.


Pese a todo o exposto, dende a presidencia da mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza incúmprese cos estatutos da mesma, que establecen que a Asemblea da Mancomunidade debe ser convocada de forma ordinaria cando menos unha vez ao ano, a última asemblea foi convocada no mes de xullo de 2019, coa fin de aprobar as actas pendentes das corporacións do período 2015-2019, polo que na actualidade, atendendo á prorroga ocasionada polo estado de alarma, está fora de prazo dende outubro de 2020.

Por todo o exposto, propoñemos para o seu debate o seguinte acordo:

ACORDO

- 1. Instar á presidencia da Xunta da Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza a convocar a Asemblea*
- 2. Instar á Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza a elaborar un Plan de Acción de cara ao ano 2023, que teña en conta vías de xestión alternativas, entre elas, a recollida no artigo 85 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, no referente á xestión directa, en calquera das modalidades recollidas na letra A9, do apartado 2 do citado artigo, para a xestión de residuos sólidos urbanos, así como os obxectivos marcados pola Unión Europea de acadar no ano 2030 a reciclaxe do 60% dos residuos municipais, e o 65% para o ano 2035."*

Intervén a Sra. Lago dicindo que a asemblea da mancomunidade leva dous anos sen convocarse, a última asemblea foi para a aprobación das actas pendentes da anterior lexislatura e a situación neste momento é bastante delicada e haillo que trasladar a todos os membros non só aos da xunta, por este motivo é tan importante que se convoque. Di que por outro lado a planta de tratamento de residuos de Lousame podería estar funcionando a pleno rendemento tendo unhas taxas de recuperación que acadaría o obxectivo europeo se se puxese interese tanto por parte da mancomunidade coma dos concellos, e falando coa xente que traballa na planta, din que hai dous problemas que fan que non estean funcionando ben, problemas fácil solución, a primeira é a substitución da pala de volteo do compostaxe, e a segunda é a mellora na separación



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

no lixo. E di que é moi importante o labor que fan os concello, pois hai moita diferenza do lixo que se recolle dun concello a outro, nos cales se fai máis traballo de concienciación. E di que é un modelo exemplar a nivel europeo e que xa que temos esta ferramenta hai que apoiala neste momento tan delicado.


Intervén a Sra. González dicindo que con respecto ao punto número un, non saben se se convocaron as asembleas e se os prazos se cumpriron ou non; e con respecto ao punto número dous, di que estamos a culpabilizar á xunta da mancomunidade e todos e todas saben que na mancomunidade hai un montón de problemas coa empresa concesionaria. E cre que os problemas no tema da compostaxe vén da man da empresa e non da xunta da mancomunidade. Di que estarían encantados de que funcionara fenomenal, e di que non cre que sexa un problema da xunta, eles cren que é un problema coa empresa, e que é certo que o contrato finaliza no 2023 e que vai haber problemas máis graves. E finalmente indica que eles vanse absterpor este motivo.

A Sra. Alfonso para dicir que van a votar a favor da moción porque son conscientes que dende a xunta da mancomunidade se pode facer todo o que se pode e que é difícil xestionar a recollida de lixo a través desta empresa polas problemáticas que hai, pero isto non impide que se fale do tema de que no ano 2023 remata a concesión e será unha situación que na que haberá que traballar, e é tan complexa que pensan que canto máis xente traballe nela mellor, analizando todas as solucións, e afirma que todo vai facer falta, polo que non está de máis que se convoque a asemblea, para que cando remate a concesión non haxa os problemas dos que falaba a portavoz do grupo socialista e indica que as consecuencias poden ser moi graves para os nove concellos afectados por esta concesión.

A Sra. alcaldesa afirma que eles consideran que esta moción debería presentar na xunta directiva da mancomunidade que se celebrou no mes de decembro e en canto a elaborar un plan de acción cara ao 2023 si están de acordo, pero di que haberá que debatelo no seo da mancomunidade e trasladalo aos concellos. Di que é verdade que a situación da mancomunidade é delicada, está moi xudicializada, con moitos fallos xudiciais contra esta, pero cun a favor, e di que entende que haberá que facelo dunha forma seria e con todas as problemáticas que hai, pero remata sinalando que é no seo da entidade onde ten que debater este asunto.

A Sra. Lago indica que a última xunta de decembro foi para aprobar a conta do ano anterior e non tivo máis puntos, era unha xunta extraordinaria, e o prazo rematou en outubro, por iso neste momento vai con moito retraso e di que o contrato é o que é, pero toca pelexar con el, e por iso que queren instar á presidencia para que convoque a asemblea e que se lle dea información a todos os membros de cal é a situación real da mancomunidade.

Rematas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal do BNG (2), do grupo municipal CXG (2) e a abstención do grupo municipal popular (4) e do grupo municipal socialista (4) adopta o seguinte acordo:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Moción do grupo municipal BNG relativa á Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza

Exposición de motivos:

No ano 1997 apróbanse os estatutos da Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza, da cal o noso concello forma parte, que ten como fin a prestación dos servizos públicos de recollida e tratamento de residuos. Esta entidade emprega, de xeito directo no complexo medioambiental da Mancomunidade, a máis de 160 persoas da contorna e realiza o tratamento de residuos sólidos urbanos de xeito sostible, atendendo aos principios de reciclaxe e proximidade.


Dende a sinatura dun contrato coa empresa adjudicataria no ano 2001, a Mancomunidade presta os servizos para os que foi creada de xeito indirecto a través da contratación por obra e concesión administrativa con dita empresa, que xestiona a recollida e o tratamento de residuos no Complexo Medioambiental, sito no concello de Lousame. Dito contrato finaliza en setembro do ano 2023, polo que compre analizar canto antes a situación actual da mancomunidade para poder deseñar un plan de acción que teña en conta as directrices da Comisión Europea en canto a tratamento de residuos e os obxectivos de reciclaxe, re-utilización e redución fixados por Bruxelas para o ano 2030, que establecen unha taxa de reciclaxe e recuperación, incluíndo a compostaxe, superior ao 60%.

Os obxectivos marcados pola Unión Europea para 2020 situaban no 50% a taxa de reciclaxe e compostaxe de residuos sólidos urbanos no ámbito municipal, mais a taxa en Galiza sitúase por debaixo do 20%, moi lonxe de cumprir coas indicacións marcadas dende Bruxelas. Fronte a esta situación, é indispensable fortalecer a Mancomunidade Serra do Barbanza e dotala dos medios precisos para permitir que poida seguir desenrolado a súa función, así como mellorar as taxas que se acadan, fronte a outros modelos que incumpren reiteradamente as recomendacións feitas pola Comisión Europea neste senso.

Pese a todo o exposto, dende a presidencia da mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza incúmprese cos estatutos da mesma, que establecen que a Asemblea da Mancomunidade debe ser convocada de forma ordinaria cando menos unha vez ao ano, a última asemblea foi convocada no mes de xullo de 2019, coa fin de aprobar as actas pendentes das corporacións do período 2015-2019, polo que na actualidade, atendendo á prorroga ocasionada polo estado de alarma, está fora de prazo dende outubro de 2020.

Por todo o exposto, o pleno da corporación adopta o seguinte acordo:

1. Instar á presidencia da Xunta da Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza a convocar a Asemblea



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

2. Instar á Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza a elaborar un Plan de Acción de cara ao ano 2023, que teña en conta vías de xestión alternativas, entre elas, a recollida no artigo 85 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, no referente á xestión directa, en calquera das modalidades recollidas na letra A9, do apartado 2 do citado artigo, para a xestión de residuos sólidos urbanos, así como os obxectivos marcados pola Unión Europea de acadar no ano 2030 a reciclaxe do 60% dos residuos municipais, e o 65% para o ano 2035.

Segundo. Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 313 do 22 de marzo de 2021, ata o núm. 435 do 23 de abril de 2021, das Xuntas de Goberno Local núm. 8 de 23 de marzo de 2021, núm. 9 de 31 de marzo de 2021 e núm. 10 de 9 de abril de 2021 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola Intervención municipal

Terceiro. Rogos e preguntas

Contestación dos rogos e preguntas do grupo municipal socialista presentadas no pleno anterior:

A Sra. alcaldesa di que a voceira do grupo municipal socialista preguntaba pola obra do aparcamento do paseo do Cabo, e contesta que teñen todo preparado e que están pendentes do informe de Intervención.

Preguntaba polos procedementos xudiciais pendentes, e contesta que hai a 26 de marzo de 2021 vinte e seis procedementos, dos que tres están suspendidos á espera de amañar a situación e nove son os do GES cos que están en negociacións para chegar a un acordo.


Preguntaba polo concurso do bar de San Francisco, e responde que está pendente dun último informe de Secretaría e esperan que se poida sacar canto antes.

Preguntaba se as traballadoras de axuda a domicilio e a policía local están vacinados, e afirma que están vacinadas todas aquelas persoas que se quixeron vacinar.

Preguntaban se a Mancomunidade de augas tomou algunha decisión con respecto ao contrato con Espina y Delfín, e contesta que están a espera do secretario do Concello de Carnota.

Contestación dos rogos e preguntas do grupo municipal CxG:

A Sra. alcaldesa di que a voceira de CxG presentou no rexistro no día anterior unhas preguntas. E comeza coa primeira que di textualmente que segundo lles comentan, hai ou había almacenados na chamada Nave de Plácido de Esteiro materiais como madeira, balas de palla para animais e un remolque para animais, e pregunta se é do concello, e en caso afirmativo, onde e cando se empregaron e en caso negativo, de quen son e por que se gardan alí; a Sra. alcaldesa contesta que a eles non lles consta que haxa alí almacenado nada, si que hai depósitos ocasionais, pero en todo caso, van a preguntarlle á xente que ten chave, entre as que está a secretaria da Comunidade de montes de Esteiro.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Preguntou como estaba o asunto do arranxo que ía facer a Consellería de Educación no Ramón de Artaza, e a Sra. alcaldesa responde que as obras van a empezar no verán.

Di que leva meses dicíndonos que se está traballando na construción do parque infantil ao lado da unitaria de Tal, pregunta se hai algún avance, e a Sra. alcaldesa contesta que non levan meses dicindo iso, que levan meses dicindo que están negociando unha parcela que pertence ao arcebispado.

Pregunta se hai algunha novidade sobre a obra paralizada no Petón de Esteiro, e a Sra. alcaldesa responde que seguen á espera.

Pregunta se está rematada a obra de saneamento que fixo o persoal da brigada municipal de obras no Muíño do Vento, e a Sra. alcaldesa contesta que está rematada.

Di que nesa zona, ao comezo do camiño, hai un muro que contén o camiño e non estaba en moi bo estado, co que parece que hai perigo de que o camiño se derrube á horta que queda por debaixo. Viñeran polo concello pouco antes de rematar o anterior mandato a comentarnos isto, polo que imaxino que volverían agora, sobre todo ao haber obras por alí. Pregunta se teñen coñecemento e se non o teñen rógolle que o miren e falen coa persoa propietaria da horta, e a Sra. alcaldesa contesta que non teñen coñecemento disto.


A pesar da pandemia, o turismo é un sector moi importante para o noso concello, polo que pregunta con que persoal conta ese departamento e cantas persoas se van contratar para a temporada de verán, a Sra. alcaldesa di que conta cunha persoa que actualmente está de baixa e a súa intención é contratar a tres persoas e valorar se se poden cubrir dúas prazas de interinaxe.

Di que quedan xusto dous meses para as festas patronais de San Pedro, e que seguimos en pandemia pero hai actividades que se poderían facer sen poñer en risco á poboación e pregunta que ten previsto facer dende o concello, A Sra. alcaldesa responde que xa están traballando na programación, con todas as cautelas que hai que ter, e que canto estean listas, daranas a coñecer.

A Sra. alcaldesa le literalmente que tiñan moito interese e moita prisa cando gobernarán en que trasladaran os postos do mercado para dentro do casco histórico, levan dous anos no goberno e os postos e as furgonetas que tan pouco lle gustaban á súa compañeira de goberno seguen... pero a pregunta cortouse no escaneo, imaxina que se refire a que pasa cos postos, e responde que durante meses o mercado non se puido facer, despois púidose abrir ao 50 %, logo a un 75 % e neste momento ao 100 %. E di que espera que se poida retomar con normalidade e poden aceptar as dezaseis solicitudes que hai.

Contestación de rogos e preguntas do grupo municipal do BNG presentadas no pleno anterior:

Preguntaba a voceira do grupo municipal do BNG polo horario dos membros do goberno con dedicación parcial, e a Sra. alcaldesa contesta que atenden as persoas que o necesitan, que se poden atendelas no momento, así o fan, e senón dáaselle cita. Afirma que a concelleira de Cultura está luns, martes, xoves e



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

venres, o concelleiro de Deportes está en horario de mañá e tarde e o concelleiro de Obras en semanas alternas, e di que a parte de estar no concello, saen a ver as obras e a atender á veciñanza.

Preguntaba polo desprendemento do porto na Pernela, que está notificado a Costas, e xa llo dixo a propia alcaldesa en máis dunha ocasión e polo momento non teñen resposta.

Preguntaba pola comisión para a revisión do nomenclátor das rúas de Muros para adaptalo á Lei de memoria histórica, e responde que enviaron unha petición á comisión de Toponimia para que faga unha valoración do nomenclátor do concello.

Preguntaba polas colonias felinas nas que se interveu e polos individuos esterilizados, e di que no 2020 se recolleron trece gatos e trece cans, e que se aplicou o protocolo e tratamentos.

Preguntaba se foi convocada esta Alcaldía a algunha reunión da Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza nos últimos dous meses, e contesta que lle parece unha pregunta fóra de lugar xa que a representante do BNG o pode saber directamente e ademais acaba de citalas na xustificación da moción de urxencia.

Rogos e preguntas do grupo municipal socialista nesta sesión do pleno:

A voceira do grupo municipal socialista, a Sra. González, di que queren facer un rogo, que se arranxen os parques infantís, e que non saben moi ben se é responsabilidade do concello ou de Portos, rogan que se arranxen as lousas rotas. Sra. alcaldesa contesta que son de Portos e que xa lle deron aviso. E tamén rogan que se tapen os furados que hai ao lado do Esmorga, mentres non comeza a obra do aparcamento.


Rogos e preguntas do grupo municipal CxG nesta sesión do pleno:

A voceira do grupo municipal CXG, a Sra. Alfonso indica que a pregunta que estaba cortada dicía que cando gobernaban eles, tiña moita présa en que se levaran os postos do mercado para dentro do conxunto histórico e di que o actual goberno leva dous anos e os coches e furgonetas seguen aparcando no mesmo sitio, e a pregunta é, cando van trasladar os postos para arriba e di que a COVID-19 lle vén de marabilla para xustificar todo o que está sen facer.

E sinala que quere facer un rogo, que en Esteiro hai unha árbore que está seca e outras que están torcidas, a piques de caer ao lado da caseta de Turismo e roga que lle busquen unha solución.

Rogos e preguntas do grupo municipal do BNG nesta sesión do pleno:

A voceira do grupo municipal do BNG, a Sra. Lago di que na zona da Salina, en Esteiro, existía unha ponte que unía Reboredo co Maio e que formaba parte do antigo Camiño Real. Na primeira metade do ano 2011 solicitouse unha subvención a través do Fondo de Recuperación Ambiental para a restauración do que quedaba da ponte e a mellora do contorno, subvención que foi aceptada no 4 de maio de 2011, solicitando o pago anticipado da mesma. O anteproxecto en base ao que foi solicitada esta subvención contemplaba



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

28.005,56 € para a ponte. Pola contra, o proxecto en base ao que se levou a cabo a recuperación desta zona, omite a restauración da ponte. Hoxe, unha vez que pasaron xa máis de 10 anos da firma daquel anteproxecto, as portas dun ano Xacobeo, con un trazado do camiño de Santiago oficialmente recoñecido que pasaba precisamente por aí, preguntámonos por que se cambio aquela obra e se omitiu o principal elemento da mesma. Non lle corresponde a vostede esa pregunta, nin o seu grupo gobernaba nin vostede formaba parte da corporación naquel momento, e quen debía velar pola recuperación deste elemento non o fixo. Aínda así, ten o actual grupo de goberno planeada a recuperación da zona, como actualmente reclama gran parte da veciñanza de Esteiro e como a historia merece?

Seguindo co Camiño Inglés, unha boa parte do seu trazado fai gala dunha increíble vexetación na que predominan as silveiras, pero tampouco anda escasa de outras moitas especies tanto autóctonas como alóctonas. Non negamos que teñan o seu encanto e a súa beleza, pero en moitos casos, como na Ponte da Braña, nin tan sequera permiten ver a ponte, polo que rogamos que fagan as xestións oportunas para que se proceda a súa limpeza. Facemos extensible esta petición a todos camiños e sendas fluviais, sexan de ingleses ou de pescos.

Pregunta se se sabe algo novo do poste da baixada a Ventín en Abelleira, e a Sra. alcaldesa contesta que se vai a mover.

Pregunta se ten pensado o grupo de goberno levar a cabo algunha mellora na iluminación do casco urbano de Muros.

No trazado das beirarrúas, especialmente na parroquia de Muros, en varios puntos existen grandes desniveles non sinalizados que provocan caídas de forma moi habitual. Rogamos que se busque a forma de facelos máis visibles e tentar reducir os tropezoños que se dan.

No camiño de Canelas hai unha parede de pedra que está medio derrubada ocupando parte do camiño e asemella que cada vez vai caendo máis. Rogamos que se fagan as xestións oportunas para o seu arranxo antes de que cause algunha desgraza

E xa para rematar, e por non perder a costume, pregunta se hai algún avance no estado da mellora do sinal de TV de Torea e Abelleira, e a Sra. alcaldesa responde que tamén o hai, pois xa teñen o terreo e faltan os permisos.

Remata a Sra. alcaldesa dicindo que os rogos atenderanos na medida en que poidan, e as preguntas quedan pendentes para o próximo pleno.

E sen máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte e unha horas e quince minutos, de todo o que eu como secretaria dou fe.

A secretaria xeral Documento asinado electronicamente